

ESTRATEGIAS  
PARA FAVORECER A INCLUSIÓN  
DE ALUMNOS CON  
**SÍNDROME DE DOWN**



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ  
Conseleiro de Educación e Ordenación Universitaria  
XESÚS P. GONZÁLEZ MOREIRAS  
Director Xeral de Política Lingüística  
XOSÉ A. POMBO MOSQUERA  
Subdirector Xeral de Promoción e Ensino da Lingua Galega

Coordinación

XOSÉ SÁNCHEZ PUGA  
Xefe do Servizo de Plans e Programas do Ensino de Lingua Galega

Asesoramiento Lingüístico:  
Sección de Asesoramiento Lingüístico  
da Dirección Xeral de Política Lingüística

Imprime Dífux, S.L.

D.L.: C-646-05

ISBN:84-453-4013-1

ESTRATEGIAS  
PARA FAVORECER A INCLUSIÓN  
DE ALUMNOS CON  
**SÍNDROME DE DOWN**

**CENTROS**



**INFANTIL E PRIMARIA**



**SECUNDARIA**



# ÍNDICE

---

<b>7</b>	PRESENTACIÓN	
<b>9</b>	CENTROS DE INFANTIL E PRIMARIA	
<b>47</b>	CENTROS DE SECUNDARIA	<b>43</b>
<b>81</b>	BIBLIOGRAFÍA	<b>74</b>
<b>83</b>	ASOCIACIÓNS GALEGAS DA SÍNDROME DE DOWN	<b>75</b>



## PRESENTACIÓN

---

Cada vez máis nenas e nenos con síndrome de Down matricúlanse en centros educativos ordinarios públicos, privados e concertados. En Down Galicia cremos que a integración educativa é beneficiosa, tanto para as/os alumnas/os con síndrome de Down como para os demais alumnos.

Down Galicia avoga por unha integración social o máis plena posible e defende, polo tanto, a integración escolar como un paso previo máis nese proceso. Pero loitamos non por unha integración de calquera xeito, senón por unha integración “de calidade”, adecuadamente realizada e na que interveñan:

- Os especialistas que se consideren necesarios.
- Unha actitude favorable do profesorado.
- Axeitadas adaptacións de tipo didáctico e organizativo.
- Unha adecuada metodoloxía educativa.
- Coordinación coas familias e asociacións.

Dende Down Galicia e das súas entidades membros, ante as demandas de moitos de vós, profesores que inevitablemente vos sentides preocupados ao atoparvos por primeira vez na aula con alumnado con síndrome de Down, decidimos publicar este documento co fin de informar e orientar no que atinxe ao perfil da aprendizaxe típica das/os alumnas/os con síndrome de Down e ás pautas apropiadas na súa formación, para acadar o maior grao de inclusión social e escolar.

Como poderedes comprobar, o documento, dividido en dous bloques claramente diferenciados, recolle a información e orientación relativa ao profesorado que traballa en educación primaria (primeira parte) e a dirixida ao profesorado de secundaria (segunda parte).

Desde o movemento Down Galicia, a través da oportunidade que nos brinda este documento, queremos poñer á vosa disposición, na propia federación e en calquera das nosas asociacións membros, para colaborar con vós e brindarvos todo aquilo que estea nas nosas mans para solucionar as necesidades que poidan xurdir.

**Delmiro Prieto González**

Presidente de Down Galicia



ESTRATEGIAS  
PARA FAVORECER A INCLUSIÓN  
DE ALUMNOS CON  
**SÍNDROME DE DOWN**

**CENTROS**

**INFANTIL E PRIMARIA**





<b>13</b>	<b>PRÓLOGO</b>
<b>14</b>	<b>A IMPORTANCIA DA INCLUSIÓN</b>
14	Beneficios académicos
14	Beneficios sociais
15	Unha actitude positiva
<b>16</b>	<b>INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A SÍNDROME DE DOWN</b>
<b>17</b>	<b>UN PERFIL DE DESENVOLVEMENTO ESPECÍFICO</b>
17	Factores que facilitan a aprendizaxe
17	Factores que dificultan a aprendizaxe
18	Perda visual
19	Perda auditiva
20	Capacidades psicomotrices finas e grosas
20	Dificultades da linguaxe e da fala
23	Menor memoria auditiva a curto prazo e procesamento auditivo máis lento
24	Unha capacidade de concentración reducida
24	Xeneralizar, pensar e razoar
25	Consolidación e retención
26	Estrutura e rutina
<b>27</b>	<b>A INCLUSIÓN SOCIAL</b>
<b>29</b>	<b>OS RECREOS</b>
<b>31</b>	<b>O COMPORTAMENTO</b>
<b>33</b>	<b>APOIO ESCOLAR</b>
33	Os profesionais especialistas
34	A aula de apoio
35	Programar o apoio
36	O currículo
37	A dinámica dentro da clase
<b>39</b>	<b>A LECTURA</b>
<b>40</b>	<b>A ESCRITURA</b>
<b>42</b>	<b>A COMUNICACIÓN COAS NAIS E PAIS E COAS TITORAS E TITORES</b>
<b>43</b>	<b>A TRANSICIÓN Á ESCOLA SECUNDARIA</b>
44	Visitas
44	O historial
<b>45</b>	<b>BIBLIOGRAFÍA</b>



Dende unha perspectiva inclusiva, a educación recoñécese como un factor esencial para a máis plena realización das persoas con síndrome de Down, así como para o progreso e o desenvolvemento da sociedade.

A educación inclusiva significa a fin das etiquetas “educación especial” e “aulas especiais”, pero non dos apoios necesarios, nin dos servizos que deben proporcionarse nas aulas integradas. Traballar doutro xeito significa educar os mellores e coidar o resto; é dicir, exclusión. Os profesionais da educación e as entidades que traballamos no eido da discapacidade temos que reclamar e loitar por un sistema educativo que proporcione unha educación de calidade e de igualdade para todas e todos.

Non estamos a favor dos esforzos por incluír todas as alumnas e alumnos por que sexa mellor para as nenas e os nenos con síndrome de Down, senón porque é mellor para todos. As diferenzas encerran grandes oportunidades de aprendizaxe. A diversidade reforza a clase e ofrécelles maiores oportunidades de aprendizaxe a todos os seus membros.

**Hai que incluír** todo o alumnado na vida educativa e social das súas escolas e aulas e non só **colocalo** en clases normais.

Nas comunidades inclusivas cada persoa é un membro importante e valioso, cunhas responsabilidades e cunha función que desempeñar para apoiar os outros. Recoñécese, estímúlanse e utilízanse os valores de cadaquén. Para isto, o profesorado débese comprometer e aceptar cada alumno e cada alumna como membro valioso e de pleno dereito da clase. O profesorado debe recorrer aos especialistas, a todas as persoas que o poidan aconsellar e/ou mesmo que poidan traballar na aula, co fin de facela máis flexible e de adaptala ás necesidades propias de cada alumno e alumna.

O obxectivo consiste en crear unha comunidade que acolla as diferenzas e que as utilice entre as alumnas e os alumnos como elementos do currículo e que respecte esas diferenzas en todos os aspectos do programa escolar.

A meta da educación de calidade para todos segue a ser a de formar para a vida individual e colectiva a todas as alumnas e alumnos.

Son moitas as razóns polas cales un neno ou unha nena con síndrome de Down debe escolarizarse nun centro educativo ordinario. A integración-inclusión é en si antidiscriminatoria e trae consigo beneficios académicos e sociais. Hai cada vez máis investigacións sobre as capacidades dos nenos e nenas con síndrome de Down e sobre o seu potencial para seren incluídos con éxito nas aulas ordinarias, á vez que aumentou a concienciación dos pais, das nais e a da Administración educativa sobre o valor e os beneficios da inclusión.

## **BENEFICIOS ACADÉMICOS**

- Demostrouse que o rendemento académico mellora cando as nenas e os nenos están en ambientes inclusivos.

## **BENEFICIOS SOCIAIS**

- Ofrece oportunidades a diario para que se relacionen con nenas e nenos que teñen un desenvolvemento normal e proporciona modelos de comportamento apropiados á súa idade.
- As nenas e os nenos teñen, deste xeito, a oportunidade de establecer relacións con nenas e nenos da súa propia comunidade ou contorno social.
- Asistir a un colexio normal é un paso clave cara á inclusión na comunidade e na sociedade mesma.

Unha inclusión escolar positiva resulta clave para que no futuro as persoas con discapacidade psíquica sexan membros participativos da sociedade e para que, á fin, todos saíamos beneficiados. As nenas e os nenos cun desenvolvemento normal que participan neste proceso enriquecéanse cos valores da diversidade (maior nivel de comprensión, aceptación e tolerancia ante as diferenzas...).

## UNHA ACTITUDE POSITIVA

O éxito da inclusión non ocorre de maneira automática. A experiencia demostranos que un dos ingredientes máis importantes para acadar unha exitosa inclusión das nenas e nenos con necesidades especiais é **medrar e querer que saian adiante**. Por esa razón, **a actitude do colexio enteiro** resulta ser un factor transcendental. Unha actitude positiva xa de por si resolve problemas. **Os colexios precisan dunha política clara e sensible en canto á inclusión e dun equipo directivo comprometido con esa política, que estimule, oriente e apoie o profesorado e todos os profesionais implicados no desenvolvemento educativo.**



*A integración-inclusión é en si antidiscriminatoria e trae consigo beneficios académicos e sociais.*

- A síndrome de Down é a discapacidade psíquica máis frecuente, dáse ao redor de 1 por cada 1.000 nacementos vivos ao ano.
- Está causado pola presenza dun cromosoma extra. No canto dos 46 cromosomas normais, unha persoa con síndrome de Down ten 47.
- Xeralmente, as nenas e os nenos con síndrome de Down terán algún grao de dificultade na aprendizaxe.
- Aínda que a síndrome de Down se debe a factores xenéticos, os factores ambientais xogan un papel importante no desenvolvemento, coma en calquera cativo ou cativa.
- As nenas e os nenos con síndrome de Down varían tanto no seu desenvolvemento e progreso como as nenas e os nenos con desenvolvemento típico.
- En xeral, as nenas e os nenos con síndrome de Down teñen un desenvolvemento máis lento cás súas compañeiras e compañeiros. Acadan cada nivel de desenvolvemento a unha idade maior e pasan máis tempo en cada nivel. As diferenzas de desenvolvemento entre as nenas e nenos con síndrome de Down e as súas compañeiras e compañeiros aumentan a medida que medran.

*En xeral, as nenas e os nenos con síndrome de Down teñen un desenvolvemento máis lento cás súas compañeiras e compañeiros.*



As nenas e nenos con síndrome de Down teñen un perfil de aprendizaxe específico, con puntos fortes e puntos febles característicos e, polo tanto, precisan de algo máis ca dunha simple adaptación de contidos curriculares. O coñecemento das características cognitivas das persoas con síndrome de Down permítelle ao profesorado planificar e implementar actividades e programas relevantes e eficaces (aprendizaxes significativas). Por iso, para cada alumna ou alumno hai que considerar o perfil e o estilo de aprendizaxe típico das nenas e nenos con síndrome de Down, xunto coas súas características e necesidades individuais.

No desenvolvemento evolutivo das nenas e nenos con síndrome de Down inflúen diferentes factores característicos, algúns teñen implicacións físicas, outros teñen implicacións cognitivas, pero moitos comprenden estes dous tipos de implicacións.

## FACTORES QUE FACILITAN A APRENDIZAXE

As nenas e os nenos con síndrome de Down teñen unha alta capacidade de recoñecemento e aprendizaxe visual, que inclúe:

- A habilidade para aprender e usar sinais, xestos e apoios visuais.
- A capacidade de aprender e usar palabras escritas a través do método da lectura global.
- A capacidade de adoptar o modelo de comportamento e as actitudes de compañeiras e compañeiros e dos adultos.
- A capacidade de aprender cun plan de estudos funcional, baseado en aprendizaxes significativas e actividades interactivas.

## FACTORES QUE DIFICULTAN A APRENDIZAXE

- Habilidades psicomotrices finas e grosas pouco desenvolvidas.
- Discapacidade visual e/ou auditiva.
- Discapacidade lingüística ou da fala.

- Déficit de memoria auditiva a curto prazo.
- Capacidade de concentración e atención reducida.
- Dificultade para consolidar e reter.
- Dificultade para xeneralizar e abstraer.
- Dificultades no procesamento secuencial.

A seguir, darase unha explicación breve de cada un destes factores, xunto con algunhas estratexias para tratalos ou compensalos. Partindo desta información e das características individuais da alumna ou do alumno, é función do equipo docente deseñar un programa de ensino eficaz. Moitas destas estratexias xa foron amplamente recoñecidas como boas prácticas didácticas e útiles para todo o alumnado.

## **PERDA VISUAL**

Aínda que as alumnas e os alumnos con síndrome de Down tenden a aprender ben visualmente e utilizan este punto forte para seguir o currículo, moitos teñen algún tipo de déficit visual. O 60-70% das nenas e nenos con síndrome de Down teñen lentes antes de cumprir os 7 anos e é importante ter en conta calquera discapacidade visual específica que puidesen ter.

É necesario aproveitar ao máximo o potencial visual de cada nena e neno para que poidan sacar todo o proveito posible da programación educativa. Non se pode permitir que os erros de refracción, o estrabismo ou as cataratas obstaculicen a aprendizaxe das nenas e nenos con síndrome de Down.

### **Estratexias**

- Colocalos cara a diante na aula.
- Usar letra grande.
- Usar unha presentación clara e sinxela de materiais.

## PERDA AUDITIVA

Con frecuencia, as nenas e os nenos con síndrome de Down experimentan algún grao de diminución auditiva, sobre todo nos primeiros anos. Ata un 20% poden ter unha perda de audición de carácter neurosensorial, causada por un desenvolvemento defectuoso do oído e dos nervios auditivos. Máis do 50% corren o risco dunha perda condutiva de audición debido á otite media causada polas frecuentes infeccións das vías respiratorias superiores, como resultado de ter os senos respiratorios e as canles auditivas máis pequenas. Os frecuentes tratamentos por antibiótico da otite provocan na nena ou no neno estadios de cansazo que poden estancar a súa aprendizaxe. É especialmente importante revisar a audición, xa que unha boa saúde auditiva mellorará as súas capacidades lingüísticas e da fala.

A claridade auditiva pode variar a diario e é importante saber se as inconstancias á hora de responder se deben a unha capacidade auditiva diminuída, a unha falta de comprensión ou a unha actitude negativa.

O profesorado debe estar atento a estas perdas auditivas, tanto polas consecuencias negativas inmediatas (perda de atención na aula, dificultades de comunicación e comprensión, alteracións da voz...) coma polas repercusións a longo prazo na adquisición da fala e na linguaxe.

### Estratexias

- Colocalos cara a diante na aula.
- Falarlles directamente.
- Reforzar as palabras con xestos faciais, sinais ou outros acenos.
- Reforzar o que se vaia dicir con apoios visuais; por exemplo, escribindo con debuxos ou utilizando obxectos concretos.
- Escribir as palabras novas no taboleiro.
- Repetir en alto as respostas dadas polos compañeiros e compañeiras.
- Resumir ou repetir palabras ou frases que oíron ou entenderon mal.

## CAPACIDADES PSICOMOTRICES FINAS E GROSAS

Moitas nenas e nenos teñen un ton muscular reducido e articulacións laxas (hipotonía), o que inflúe nas súas capacidades psicomotrices finas e grosas. Esta condición pode atrasar o desenvolvemento psicomotor, limitando as experiencias dos primeiros anos e atrasando o desenvolvemento cognitivo, ao estar diminuídas as capacidades exploratorias no contorno. Na clase maniféstanse, sobre todo, no desenvolvemento da capacidade para escribir.

### Estratexias

- Proporcionar actividades psicomotrices adicionais (actividades manipulativas; actividades viso-motoras; actividades para fomentar a coordinación, o ritmo, o equilibrio, o control de movementos, a imitación; exercicios para fomentar a lateralidade...), xunto con apoio e ánimos. Todas as capacidades psicomotrices melloran coa práctica.
- Fomentar o deporte de equipo e individual, especialmente a natación.
- Realizar xogos e actividades que favorezan as condutas exploratorias (actividades tempo-espaciais, buscar obxectos, xogos de pistas, percepción táctil, percepción auditiva).
- Facer actividades que reforcen os pulsos e os dedos, como encetar, calcar, debuxar, clasificar, cortar con tesoiras, apertar a man, xogos de construción, etc.
- Empregar unha gran variedade de actividades e materiais multisensoriais.
- Que as actividades sexan divertidas e relevantes.

## DIFICULTADES DA LINGUAXE E DA FALA

É frecuente que as nenas e nenos con síndrome de Down teñan discapacidades lingüísticas ou da fala e que deban ser atendidas e atendidos con regularidade por un logopeda ou unha logopeda especializada que poida recomendar actividades individualizadas que faciliten o seu desenvolvemento lingüístico ou da fala.

Estas dificultades da linguaxe débense a unha combinación de factores, uns físicos e outros de carácter perceptivo ou cognitivo. Se unha nena ou neno aprende a entender e a usar a linguaxe máis tarde, o seu desenvolvemento cognitivo verase afectado e, como consecuencia, a súa facilidade para seguir o currículo. As facultades receptivas son maiores cás facultades expresivas; é dicir, as cativas e os cativos con síndrome de Down entenden a linguaxe máis do que expresan e, como resultado, adóitanse subestimar as súas habilidades cognitivas.

### **Dificultades lingüísticas máis comúns**

- Un vocabulario reducido, que leva a menos coñecementos xerais.
- Dificultade para aprender regras gramaticais (omiten as preposicións, as palabras de enlace e marcadores de modo, tempo, xénero, etc.), o que orixina unha forma de falar telegráfica.
- Máis capacidade para aprender vocabulario novo ca regras gramaticais.
- Máis dificultade para aprender e manexar a linguaxe.
- Máis dificultade para aprender a linguaxe específica do currículo.
- Dificultade para comprender termos abstractos.
- Dificultade para entender instrucións.

Ademais, ao ter unha cavidade bucal máis pequena e o ton muscular máis débil na boca e na lingua, fisicamente resulta máis difícil articular palabras.

A miúdo, estas dificultades lingüísticas e da fala significan que estas nenas e nenos teñen menos oportunidades de establecer conversacións e de usar a linguaxe. Résúltalles máis difícil pedir información ou axuda. Os adultos tenden a facer preguntas pechadas ou a acabar as frases por eles, negándolles o tempo preciso e o apoio para facelo por si mesmos.

Como resultado:

- Os nenos e as nenas teñen menos experiencia coa linguaxe, o que obstaculiza a aprendizaxe de vocabulario novo e de novas estruturas e frases.
- Os nenos e as nenas teñen menos práctica para poder mellorar a súa claridade da fala.

### **Estratexias**

- Darlles tempo para procesar as palabras e responder.
- escoitalos e escoitalas con atención.
- Asegurar o contacto visual directo, cara a cara.
- Usar unha linguaxe clara e concisa.
- Asegurar que entenden e facerlles que repitan sen instrucións.
- Evitar un vocabulario ambiguo.
- Reforzar a comunicación oral con acenos e sinais.
- Ensinarlles a ler e a usar a palabra escrita para axudarlles coa linguaxe e coa fala.
- Escribir as instrucións orais para reforzalas ou usar debuxos, diagramas, símbolos ou materiais específicos.
- Reforzar visualmente as palabras clave.
- Usar materiais no ensino da gramática (tarxetas, xogos, símbolos, debuxos, imaxes de preposicións, etc.).
- Evitar preguntas pechadas (si/non), animar os alumnos e as alumnas a responder sen utilizar simplemente monosílabos.
- Usar apoios visuais para animar o alumno e a alumna a falar na clase. Pódelles resultar máis doado ler información á clase que falar espontaneamente.
- O uso dun caderno “casa-escola” pode ser útil para axudarlles a falar das súas “noticias do día” e desenvolver a súa fala espontánea.

- Desenvolver a linguaxe a través de distintas dinámicas (xogos de rol, interpretación, dinámicas de grupo...).
- Animar o alumno e a alumna a liderar o grupo.
- Fomentar situacións nas que poidan falar con outros, recoller mensaxes, facer recados, etc.
- Ter moitas actividades ou xogos curtos que fortalezan as capacidades auditivas, reforzando o seu traballo oral con material visual e táctil.

### **MENOR MEMORIA AUDITIVA A CURTO PRAZO E PROCESAMENTO AUDITIVO MÁIS LENTO**

Tamén existen outros problemas lingüísticos e da fala nas cativas e cativos con síndrome de Down, motivados polas dificultades na memoria auditiva a curto prazo e no procesamento auditivo. A memoria auditiva a curto prazo é a que se usa para reter, procesar, entender e asimilar a linguaxe oral ao longo dun tempo determinado. Calquera déficit na memoria auditiva a curto prazo afectará considerablemente a habilidade da alumna ou alumno para aprender tanto a linguaxe oral como a linguaxe escrita.

Tamén terá maiores dificultades para recordar e seguir instrucións orais.

#### **Estratexias**

- Limitar a cantidade de instrucións orais.
- Darlles tempo para procesar e responder á comunicación oral.
- Repetirlle ao alumno e á alumna de maneira individual as instrucións ou a información dada á clase enteira.
- Tratar de evitar exposicións didácticas exclusivamente orais. Reforzar as exposicións orais a través de material didáctico visual.
- Preparar material visual suficiente para acompañar a exposición de cada tema.

**LEMBRE:** as nenas e nenos con síndrome de Down aprenden moi ben de maneira visual, pero a súa capacidade de aprendizaxe auditiva é débil. Sempre que sexa posible, débese-lles proporcionar apoio visual e aquel material concreto e práctico que se demostre válido para reforzar a aprendizaxe auditiva, xa que isto repercutirá directamente na mellora do desenvolvemento verbal e lector.

### **UNHA CAPACIDADE DE CONCENTRACIÓN REDUCIDA**

En xeral, as nenas e nenos con síndrome de Down só poden concentrarse en algo durante un tempo bastante curto e distráense con facilidade. Ademais, a aprendizaxe con apoio resulta máis intensa; é dicir, require máis concentración que cando se presta a nivel individual, polo que a nena ou neno cansará antes ca se se establece o apoio a través do grupo.

#### **Estratexias**

- Incorporar á lección unha serie de tarefas curtas, claras e ben definidas.
- Variar o nivel de esixencia dunha tarefa a outra. Débese iniciar cunha tarefa de baixa dificultade, co fin de non desmotivar o alumno e a alumna.
- Variar o tipo de apoio.
- Involucrar outros alumnos e alumnas, para que lle poidan axudar ao alumno e alumna con síndrome de Down a centrarse na tarefa ata rematala.
- Situar o neno ou a nena preto da mestra ou do mestre nas actividades de grupo.
- O uso das novas tecnoloxías mantén o interese do neno e da nena durante períodos máis longos de tempo.

### **XENERALIZAR, PENSAR E RAZOAR**

Se un neno ou unha nena ten algunha discapacidade lingüística ou da fala, é inevitable que iso inflúa na súa habilidade para pensar e razoar. Estas nenas e nenos teñen máis dificultades en transferir habilidades dunha situación a outra; é dicir, en xeneralizar.

Resúltalles difícil entender conceptos abstractos, o cal pode influír na súa habilidade para resolver problemas.

### **Estratexias**

- Non dar por feito que o cativo ou a cativa poderán transferir coñecementos automaticamente.
- Usar unha variedade de métodos, materiais e contextos para ensinar novas técnicas ou habilidades.
- Reforzar a aprendizaxe de conceptos abstractos con material concreto e/ou visual.
- Ofrecer explicacións ou demostracións adicionais.
- Animalo ou animala a practicar a resolución de problemas.
- Expoñer o alumno e a alumna a diferentes situacións que impliquen a aplicación dos coñecementos adquiridos.

### **CONSOLIDACIÓN E RETENCIÓN**

As alumnas e alumnos con síndrome de Down xeralmente tardan máis en aprender e en consolidar novas habilidades, e a capacidade para aprender e reter pode variar dun día a outro.

### **Estratexias**

- Repetir os aspectos fundamentais do temario.
- Dar máis tempo e oportunidades para repetir e reforzar.
- Presentar novas habilidades e conceptos de maneiras diversas, empregando material concreto, práctico e visual cando sexa posible.
- Repasar os conceptos básicos periodicamente.
- Ao avanzar na lección, é necesario asegurar que o aprendido non se perda ao asimilar a nova información.

## ESTRUTURA E RUTINA

Habitualmente, as nenas e nenos con síndrome de Down séntense seguros e cómodos cando se lles presentan situacións ben estruturadas, que forman parte da súa rutina diaria, e actividades ben propostas. Résultanlles máis difíciles as situacións desorganizadas ou pouco estruturadas e os cambios pódenos desconcertar. Polo xeral, necesitan máis tempo de adaptación e poden tardar máis en asimilar os cambios.

### Estratexias

- Ensinarlles explicitamente os horarios, as rutinas e as normas escolares, dándolles tempo e oportunidades para asimilalos.
- O horario debe ensinársese de forma visual, con palabras, debuxos, fotos, símbolos...
- Que o cativo e a cativa comprobén ao longo do día as accións que levan a cabo, o que lles queda por facer...
- Cando non é posible ter un horario visual, usar fotos ou tarxetas que ensinen as actividades escolares e mostrarllas ao neno ou á nena antes de comezar esas actividades.
- Asegurarse de que o cativo ou a cativa saiban cal é a próxima actividade.
- Respectar ao máximo o programa diario.
- Informar e preparar o neno e a nena ante os cambios que se produzan e manter informada a familia.
- Darlle unha tarefa específica ao neno ou á nena que lle axude a prepararse para a seguinte actividade.

A inclusión escolar e social é o obxectivo principal para acadar con calquera neno ou nena cando entra nun centro escolar. Os avances cognitivos son moito máis difíciles mentres non sexan capaces de comportarse e relacionarse cos outros dunha maneira socialmente aceptable e de entender e responder apropiadamente ao contorno. A diversidade e a pluralidade enriquece e favorece o desenvolvemento de todos os alumnos e alumnas. Normalmente, as nenas e os nenos con síndrome de Down teñen moitas ganas de facer o mesmo cós seus compañeiros, “úsanos” como referentes para un comportamento socialmente apropiado e como motivación para aprender. Esta experiencia social é moi importante para os nenos con síndrome de Down, pois están seguindo referentes axustados á súa idade. Non aprenden ben de maneira indirecta e non asimilan as convencións sociais por intuición, como fai o seu grupo de iguais. O obxectivo común e compartido que deben perseguir docentes e pais é incidir, sobre todo nos primeiros anos de escolarización destes alumnos, na aprendizaxe de normas de comportamento apropiadas e axustadas á súa idade.

### Obxectivos xerais

Dende o centro educativo traballarase co fin de que as nenas e nenos alcancen os seguintes obxectivos:

- Entender as rutinas principais do día.
- Aprender a participar e responder de forma apropiada.
- Responder a peticións e instrucións verbais.
- Aprender a compartir, dar e recibir.
- Respectar quendas.
- Aprender a poñerse en fila.
- Aprender a sentarse en grupo e en actos da escola.
- Aprender os protocolos e comportamentos axeitados.
- Aprender as normas formais e informais da clase e do colexio.

- Traballar só ou colaborando con outros.
- Fomentar e facer amizades.
- Desenvolver habilidades prácticas e de autoaxuda.
- Aprender a coidar doutros.
- Favorecer e fomentar a súa autonomía social e persoal.

*A inclusión escolar e social é o obxectivo principal para acadar con calquera neno ou nena cando entra nun centro escolar.*



As dificultades lingüísticas e da fala que, en xeral, presentan as nenas e os nenos con síndrome de Down fan que sexa moito máis complicado para eles iniciar xogos con outros rapaces e rapazas e entender as regras destes e das amizades e, por iso, poden precisar axuda adicional á hora do recreo. Pero calquera apoio de adultos require que se faga con moito tacto, para non contribuír a formar unha barreira de cara ás outras nenas e nenos.

### **Estratexias**

- Fomentar a aprendizaxe cooperativa ao traballar cun compañeiro ou compañeira ou nun grupo pequeno.
- Non poñelos sempre coas nenas ou nenos menos capaces e menos motivados. As alumnas e alumnos con síndrome de Down benefíciáanse de traballar coas nenas e nenos máis capacitados e motivados para colaborar, cando o traballo está axustado adecuadamente ao seu nivel.
- É importante que as compañeiras e compañeiros se familiaricen coas nenas e nenos con síndrome de Down e que entendan as súas capacidades, os seus puntos fortes e febles, recoñecendo que teñen as mesmas necesidades ca eles mesmos.
- É importante que todo o alumnado reciba información xeral sobre os diferentes valores da diversidade.
- É importante que todo o equipo docente reciba información xeral sobre as dificultades de aprendizaxe.
- Explorar a posibilidade de establecer unha rotación de compañeiros ou un sistema que fomente as interaccións.
- Empregar ao máximo o apoio de compañeiras e compañeiros en vez de adultos.
- Organizar algunhas sesións de xogo estruturado no recreo, dirixidas por algúns dos membros do equipo educativo.

- Animalos e animalas a participar nas actividades extraescolares e fomentar a súa participación nas excursións que se programen, co fin de favorecer nos momentos de ocio a súa autonomía e socialización.
- Fomentar o desenvolvemento de habilidades prácticas e independentes, dándolles responsabilidades como a de repartir libros, entregar notas ou mensaxes...
- Favorecer a autoestima.

*Deberase fomentar o desenvolvemento de habilidades prácticas e independentes, dándolles responsabilidades como a de repartir libros, entregar notas ou mensaxes...*



As nenas e os nenos con síndrome de Down non teñen problemas de comportamento específicos. Non obstante, boa parte do seu comportamento estará en función do seu nivel de desenvolvemento. **Os problemas, cando ocorren, adoitan ser os que se ven en nenos e nenas máis cativos, cun nivel de desenvolvemento típico.**

Ademais, as nenas e nenos con síndrome de Down teñen que afrontar maiores dificultades cá maioría das súas compañeiras e compañeiros. Para eles é máis difícil realizar moitas das actividades da vida cotiá, debido a problemas lingüísticos e da fala, da memoria auditiva a curto prazo, da psicomotricidade, da concentración e da aprendizaxe. Por iso, o limiar de frustración, que dá paso a comportamentos problemáticos, pode ser máis baixo ca en nenos cun nivel de desenvolvemento típico. Adoitan frustrarse ou poñerse nerviosos con maior facilidade. O feito de ter síndrome de Down non indica que o neno automaticamente vaia ter problemas de comportamento, pero será máis propenso a desenvolver estes problemas polas dificultades coas que se enfrenta.

Un aspecto en particular do comportamento problemático son as estratexias de evitación. A investigación demostrou que, ao igual ca moitos nenos e moitas nenas con necesidades especiais, os alumnos e alumnas con síndrome de Down tenden a adoptar tales estratexias, as cales interfieren no seu progreso. Algúns tenden a usar determinados comportamentos sociais para distraer os adultos e así evitar a aprendizaxe e só parecen estar dispostos a traballar en tarefas que caian dentro de campos cognitivos máis ben estreitos.

É importante estar atentos á posibilidade de que aparezan condutas de evitación e distinguir os comportamentos inmaduros dos comportamentos intencionadamente negativos. Hai que ter en conta a súa idade de desenvolvemento (non a cronolóxica), xunto co seu nivel de entendemento oral. Calquera premio que se dea tamén debe responder a estes criterios.

### **Estratexias**

- Asegurarse de que as regras estean claras.
- Asegurarse de que o persoal entenda que se debe manter o mesmo criterio de disciplina para a nena ou o neno con síndrome de Down e para calquera outro neno ou nena.

- Usar explicacións curtas e claras, cunha linguaxe corpórea e clara, para reforzalas. As explicacións longas e complexas non son as apropiadas.
- Distinguir entre “non podo” e “non quero”.
- Buscar os porqués do comportamento inapropiado: ¿é demasiado difícil ou sinxela a tarefa? ¿é demasiado longa? ¿é unha tarefa o suficientemente adaptada?
- ¿Entende o alumno ou alumna o que se espera del ou dela?
- Elaborar unha serie de fotos que ensinen o bo comportamento. Por exemplo, unha foto do neno ou da nena ou doutros recollendo as súas cousas pode ser suficiente para animar o neno ou a nena a facelo.
- Reforzar inmediatamente o comportamento desexado con premios orais, visuais ou tanxibles.
- Dentro de límites razoables, é mellor non facer caso de comportamentos que teñan a intención de distraer ou buscar a atención dos demais.
- Desenvolver unha gama de estratexias para previr que se produzan comportamentos de evasión/evitación (desculpas empregadas pola alumna ou alumno para non levar a cabo a tarefa). Dependendo da nena ou do neno, unhas veces funcionará mellor ca outras.
- Asegurar que non sexa unicamente a profesora ou profesor de apoio quen se ocupe do comportamento da nena ou neno con síndrome de Down. A profesora ou o profesor da aula teñen a responsabilidade final.
- Asegurar que a nena ou o neno estean traballando con compañeiros e compañeiras que lles sirvan de exemplo.

A adecuada atención nos centros educativos ás alumnas e alumnos con síndrome de Down e outras deficiencias depende dunha actitude favorable do equipo docente e do conxunto de apoios (os recursos e as estratexias destinadas a desenvolver o proceso educativo) que se lles deben prestar a estes. Estes apoios deben estar perfectamente definidos para garantir a calidade educativa e as maiores cotas de inclusión escolar de todo o alumnado.

Os apoios que se deben prestar, segundo as características do alumnado destinatario, abranguen dende as adecuadas adaptacións de tipo didáctico e organizativo, á utilización de metodoloxía educativa baseada nun enfoque personalizado, o tipo de apoio que deben prestar os profesionais especialistas, a coordinación do equipo...

## OS PROFESIONAIS ESPECIALISTAS

O profesor ou a profesora non debe deixar toda a responsabilidade da nena ou neno con síndrome de Down nas mans da profesora ou profesor de apoio. O proceso de ensino será compartido e dirixido polo profesorado de apoio e de área. É importante que se perciba a profesora ou profesor de apoio como parte íntegra de toda a clase, asistindo ás nenas e nenos que requiren calquera tipo de axuda e non soamente ao neno ou nena con síndrome de Down. Así, o alumnado en xeral poderase beneficiar do apoio adicional e tería unha atención máis individualizada.

A maioría das nenas ou nenos con síndrome de Down precisarán dun apoio adicional a través da profesora ou profesor de apoio. Non obstante, o tipo de apoio que o alumnado percibe pode ter un impacto tremendo sobre a eficacia da inclusión e é importante que o papel do profesorado de apoio estea coidadosamente definido arredor duns criterios xerais:

### En canto ao alumnado

- Fomentar e aumentar a participación do alumnado con síndrome de Down na dinámica habitual da aula.

- Asegurar que o neno ou a nena avancen cara a outras habilidades.
- Axudar no desenvolvemento da independencia (autonomía).
- Axudar no desenvolvemento de habilidades sociais, amizades e comportamentos axeitados en función da idade.

### **En canto ao profesorado**

- Colaborar na adaptación do currículo e das actividades programadas, buscando en todo momento a participación do alumnado con síndrome de Down na dinámica da aula.
- Proporcionarlle información sobre o progreso da nena ou do neno a todo o equipo docente implicado na tarefa educativa.
- Intercambiar funcións co profesor ou coa profesora da aula, para darlle a este ou a esta oportunidades de traballar coa nena ou neno con síndrome de Down de maneira individual (dentro da aula) ou en grupo e para que o alumnado perciba a profesora ou o profesor de apoio coma un docente máis e non unicamente como a profesora ou profesor das nenas e nenos con necesidades educativas especiais.
- Participar e fomentar as reunións de coordinación, co fin de analizar e valorar os obxectivos que se pretenden alcanzar coa alumna ou co alumno e os medios e recursos para conseguilos.

## **A AULA DE APOIO**

O apoio non debe consistir unicamente en que a profesora ou profesor de apoio estea traballando individualmente coa nena ou co neno, sobre todo se isto significa que a nena ou neno está fóra da súa clase, o cal debe evitarse sempre que sexa posible. Aínda que, sen dúbida, precisará dun tempo individualizado, este débese limitar a aquelas ocasións que sexan absolutamente necesarias e debe ter lugar dentro da clase na medida do posible.

Hai que ter en conta que demasiado tempo na aula de apoio pode producir na nena ou no neno que:

- Non se beneficie do estímulo e do exemplo das súas compañeiras e compañeiros.
- Non aprenda a colaborar nin a traballar en grupo-clase.
- Non sexa capaz de prestar atención cando traballa no grupo-clase.
- Non aprenda a traballar só, nin a ser autónomo na realización de tarefas.
- Non faga amizade cos seus compañeiros e compañeiras, nin habilidades sociais adecuadas.
- Desenvolva un baixo nivel de autoestima e sentimentos de inferioridade.

## PROGRAMAR O APOIO

Para elaborar o programa de apoio deberá estar previamente ben definida a programación da aula.

Os orientadores e orientadoras, as profesoras e profesores de área, o profesorado especialista e o persoal de apoio deben reunirse con regularidade para seguir, comunicar e planificar o proceso da nena ou neno de forma coherente. Un “caderno de comunicacións” para anotar as leccións, ideas ou información pertinente para todas as persoas implicadas pode ser de grande utilidade.

Na programación dos apoios, é imprescindible definir con base na programación da aula:

- A quen vai dirixida esta programación.
- Que modalidade de apoio precisa.
- En que áreas.
- Canto tempo vai recibir o apoio.
- Quen vai adaptar os temas.
- Que metodoloxía é a máis adecuada.
- Quen vai deseñar e preparar o material de apoio.

## O CURRÍCULO

Aínda que a inclusión social será un obxectivo continuo ao longo dos anos escolares, os obxectivos operativos de inclusión social débense alcanzar nos primeiros anos. O profesor debe estar atento ás necesidades de apoio que xurdan ao longo da etapa de educación infantil e primaria e responder a estas a través dos axustes e adaptacións que se consideren necesarias, para optimizar o proceso da aprendizaxe da nena ou do neno.

Unha vez analizadas as necesidades de apoio do alumnado, haberá que modificar e adaptar as actividades ao nivel particular de desenvolvemento e aprendizaxe. Nalgúns casos, iso significará que un novo concepto, tema ou habilidade terá que axustarse ao nivel de comprensión do neno ou da nena, cun enfoque moi específico sobre un aspecto particular que se queira que a nena ou o neno entenda. Aínda que iso poida implicar que o neno ou a nena estea traballando nun nivel moi distinto dos demais, iso non implica necesariamente que o tema ou material que traballe sexa distinto do que estean seguindo as outras nenas e nenos. Con planificación e coordinación entre a profesora ou profesor da aula e de apoio, en moitos casos poderase conseguir unha adaptación adecuada da materia.

## A DINÁMICA DENTRO DA CLASE

Certos métodos comúns, como o ensino á clase enteira, a aprendizaxe auditiva, o someterse á “tiranía” do libro de texto e o traballo con fichas ou actividades non adaptadas de ensino, supoñen dificultades para moitas alumnas e alumnos con síndrome de Down ou outras necesidades educativas especiais. Por iso, as profesoras e profesores deberán avaliar os seus métodos e o clima xerado na clase, considerando as actividades, o material e as agrupacións das nenas e nenos. No proceso ensino-aprendizaxe, o profesorado debe ter simplemente en conta as habilidades e capacidades da nena ou neno para aprender e ha buscar a metodoloxía e as estratexias adecuadas ao estilo de aprendizaxe para que se rendibilice este proceso. Un exemplo disto é a importancia de aproveitar a motivación e a oportunidade de aprender dos bos modelos que se dan cando se agrupan as nenas e nenos con síndrome de Down con compañeiras e compañeiros de desenvolvemento típico ou o uso de elementos visuais para reforzar a exposición dun tema.

A investigación neste campo tamén demostra que as nenas e nenos con necesidades educativas especiais non só prefiren traballar en grupo, senón que, de feito, o traballo cooperativo en grupo fomenta a aprendizaxe.

### **Estratexias**

- Elaborar unha programación de aula na que estean perfectamente planificadas as unidades didácticas, entendidas estas como unidades de traballo nas que se precisen obxectivos, contidos, actividades de ensino-aprendizaxe e actividades para a avaliación. Esta programación deberá ter en conta as características de todas as alumnas e alumnos aos que vai dirixida (estilo de aprendizaxe, nivel de competencia curricular, motivacións e intereses) e a súa execución deberá estar perfectamente coordinada con todo o equipo docente.
- Organizar a dinámica da aula para que as alumnas e alumnos que teñen unha adaptación curricular non sexan alleos ao grupo de aprendizaxe, senón parte esencial deste. Isto implicará unha estrutura organizativa que permita traballar de forma coordinada os obxectivos comúns a todo o alumnado.
- Facer un horario visual claro para lle axudar á nena ou ao neno a entender o programa do día.

### **En relación con cada unidade didáctica, deberase determinar como traballará a neno ou o neno**

- En actividades da clase enteira.
- En grupo ou parella na clase.
- En grupo ou parella, pero apartado.
- Individualmente (un a un) coa profesora ou profesor ou coa profesora ou profesor de apoio.

**e que tipo de apoio se lle deberá prestar:**

- Sen apoio.
- Co apoio dos seus compañeiros e compañeiras.
- Coa profesora ou profesor de apoio.
- Co apoio da profesora ou do profesor.

*A palabra escrita fai que a linguaxe sexa visual, superando así as dificultades que xera a aprendizaxe exclusivamente auditiva.*



É extensa a investigación que demostra a forte relación existente entre a lectura e o desenvolvemento das nenas e nenos con síndrome de Down. A palabra escrita fai que a linguaxe sexa visual, superando así as dificultades que xera a aprendizaxe exclusivamente auditiva.

As investigacións demostraron que empregar o método global facilita a aprendizaxe da lectura das nenas e nenos con síndrome de Down, posto que o apoio visual que a través deste método se lles proporciona non só resulta máis motivador cá aprendizaxe de grafemas illados e sen sentido, senón que ademais aproveita un dos puntos fortes das súas características cognitivas, aínda que isto non debe descartar que a aprendizaxe silábica se realice paralelamente. Por iso, recomendamos que o uso do método global para o ensino da lectura se inicie aproximadamente aos catro anos de idade.

No desenvolvemento integral do alumnado a lectura resulta fundamental para:

- Facilitar a comprensión e a comunicación.
- Facilitar o seguimento do currículo académico.
- Mellorar as habilidades da linguaxe e da fala.
- Mellorar o seu nivel de inclusión e socialización.

Calquera traballo escrito é unha tarefa moi complexa. En nenas e nenos con síndrome de Down, as dificultades da memoria auditiva a curto prazo, da linguaxe e da fala, da psicomotricidade fina e de organizar e secuenciar información, afectan considerablemente o desenvolvemento das habilidades de escritura.

### Áreas de especial dificultade:

- Secuenciar as palabras para formar unha frase.
- Secuenciar correctamente os sucesos ou a información.
- Organizar pensamentos e información pertinente de forma escrita.

### Estratexias

- Buscar recursos que asistan o proceso físico de escribir: lapis ou bolígrafos máis sinxelos de manexar, liñas máis grandes, cadrados para indicar o tamaño da letra, papel cuadriculado, ordenadores...
- Empregar apoios visuais: tarxetas, palabras clave, debuxos e secuencias.
- Empregar outros métodos:
  - Un ordenador con software especializado.
- Algunhas suxestións:
  - Cotexar os seus apuntamentos cos doutro compañeiro ou compañeira.
  - Frases para completar.
  - Tarxetas para secuenciar frases.
  - Tarxetas con debuxos secuenciais.
- Que se limiten as tarefas escritas a temas que se baseen na súa experiencia e que fomenten a súa comprensión.

- 
- Outras estratexias para ter en conta na aprendizaxe da lectura e escritura:
    - Ensinar palabras axustadas ao seu nivel de comprensión (útiles).
    - Ensinar vocabulario escrito para desenvolver a súa fala e a súa linguaxe.
    - Ensinar vocabulario sobre temas específicos, co obxecto de favorecer a aprendizaxe relacionado co currículo.
    - Ensinar vocabulario da maneira o máis visual posible.
    - Usar métodos multisensoriais. Por exemplo, usar xogos de tarxetas de memoria, de atención, de tacto (trazar co dedo os grafemas en distintos materiais), exercicio de mirar, tapar, escribir, comprobar...
    - Reforzar o significado de palabras abstractas con debuxos e símbolos.
    - Utilizar distintas cores para favorecer o recoñecemento.
    - Utilizar xogos informáticos para favorecer a ortografía.
    - Ensinar familias de palabras.

Aínda que moitas nais e pais adoitan visitar a escola, un caderno para a comunicación entre o colexio e a casa é ideal para relatar os detalles do día a día, sobre todo cando a nena ou o neno non teñen suficientemente desenvolvidas as habilidades da linguaxe como para comunicar as súas novas con claridade. Debe evitarse que nel se escriban malas noticias (malos comportamentos, recados...) e, para iso, utilizárase o procedemento habitual, pois doutro xeito estaríase a perder o obxectivo fundamental do caderno.

Resulta imprescindible, para favorecer o desenvolvemento integral da nena ou do neno, que a familia e a escola establezan obxectivos comúns, tanto en aspectos educativos coma sociais, e as canles oportunas que promovan unha efectiva coordinación e comunicación.

*A transición dunha escola primaria a unha escola secundaria adoita ser un paso difícil para moitas nenas e nenos, teñan ou non necesidades especiais.*



A transición dunha escola primaria a unha escola secundaria adoita ser un paso difícil para moitas nenas e nenos, teñan ou non necesidades especiais. No caso das nenas e nenos con necesidades especiais é esencial unha actitude positiva de parte da escola que os reciba. Isto, xunto cun plan de transición ben preparado, fará que todo sexa máis sinxelo para a nena ou o neno, o profesorado e as nais e pais.

### **Estratexias**

- Decidir sobre a escola secundaria no primeiro trimestre de 6º de primaria, co fin de deseñar un plan de transición.
- Promover unha reunión ao longo do primeiro semestre, asegurándose de que participen todos os que estean e estarán involucrados coa nena ou neno (os orientadores e orientadoras, o profesorado, o profesorado de apoio, psicopedagogos e psicopedagogas, logopedas, etc.), do colexio e do instituto.
- Facilitar visitas do persoal correspondente do instituto para que observen o neno ou a nena no ambiente seguro e familiar do colexio.
- Xuntar periodicamente o persoal correspondente do colexio e do instituto para avaliar o proceso do plan de transición.
- Decidir de antemán, se é posible, quen serán os profesores e profesoras de apoio, para organizar visitas e prepararse.
- Invitar o persoal do instituto á revisión final de 6º de EP.
- Organizar os grupos do instituto para que a nena ou neno con síndrome de Down teña compañeiros ou compañeiras que o coñezan e amigos e amigas que o apoiem na súa nova clase.
- Reforzar o papel do profesor-titor, co obxecto de que este sexa a persoa de referencia para a nena ou neno, co fin de que poida comunicar as súas preocupacións, comentar os seus problemas, etc.

## VISITAS

Un elemento común ao plan de transición son as visitas programadas, co fin de que a nena ou o neno se vaia familiarizando e teña referencias reais do seu novo centro educativo. Este aspecto merece especial consideración porque as nenas e os nenos con síndrome de Down teñen máis dificultades en adaptarse aos cambios e a un ambiente novo e precisan de preparación e apoio adicional.

### Estratexias

- Que acompañen a alumna ou o alumno con síndrome de Down outras nenas ou nenos da súa clase, que vaian asistir a ese centro (futuras alumnas e alumnos).
- Que a nena ou neno lle sexa presentado á profesora ou profesor da súa futura clase, a outros membros do equipo docente e ao persoal que vaia ter relación coa nena ou co neno (persoal de apoio, profesoras e profesores de área...).
- Familiarizarse co instituto: onde está o comedor, as aulas, a biblioteca, os aseos, etc.
- Facilitar información sobre as normas da clase e do instituto, as rutinas, os uniformes ou a roupa de educación física.

## O HISTORIAL

O historial é un método de comunicación que é imprescindible para facilitar a transición. O centro de primaria, durante o proceso de transición, debe achegarlle un historial ao instituto que recibe a nena ou o neno con síndrome de Down. Este será elaborado polo colexio, coa colaboración das nais, dos pais, da nena ou do neno e doutros profesionais que traballen na súa educación (asociacións de síndrome de Down, profesionais privados...).

Este historial confidencial proporcionará información sobre diferentes aspectos relacionados coa nena ou co neno e nel trazarase de maneira positiva, pero realista, un perfil desta ou deste: o seu nivel de competencia curricular, os seus intereses, os seus puntos fortes e febles, as súas habilidades sociais e de comunicación, autonomía, datos familiares relevantes...

ALTON, SANDY: “Including pupils with down’s syndrome-primary”. *Journal news and views from the Down’s syndrome association*, nº 11. Down’s síndrome Association (DSA).

STAINBACK, SUSAN E WILLIAM: *Aulas inclusivas*. Narcea, SA de Ediciones.

Dende DOWN GALICIA queremos deixar constancia do noso agradecemento á DOWN SYNDROME ASSOCIATION (UK) por permitirnos traducir e adaptar o seu artigo “Including Pupils With Down’S Syndrome – Information For Teachers And Learning Support Assistants-Primary”.



ESTRATEGIAS  
PARA FAVORECER A INCLUSIÓN  
DE ALUMNOS CON  
**SÍNDROME DE DOWN**

A photograph showing a classroom scene. In the foreground, a student in a red jacket is seated at a desk, facing away from the camera. To the left, another student in a light blue shirt is leaning over a desk. To the right, a teacher in a white shirt is leaning over a desk, interacting with a student. The background shows a whiteboard and other classroom elements.

**CENTROS**  
**SECUNDARIA**



## **51 PRÓLOGO**

### **52 A IMPORTANCIA DA INCLUSIÓN**

- 52 Beneficios académicos**
- 52 Beneficios sociais**
- 53 Unha actitude positiva**

### **54 INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A SÍNDROME DE DOWN**

### **55 UN PERFIL DE DESENVOLVEMENTO ESPECÍFICO**

- 55 Factores que facilitan a aprendizaxe**
- 55 Factores que dificultan a aprendizaxe**
- 56 Perda visual**
- 57 Perda auditiva**
- 58 Capacidades psicomotrices finas e grosas**
- 58 Dificultades da linguaxe e da fala**
- 60 Menor memoria auditiva a curto prazo e procesamento auditivo máis lento**
- 61 A habilidade para escribir**
- 63 Unha capacidade de concentración reducida**
- 63 Xeneralizar, pensar e razoar**
- 64 Consolidación e retención**
- 65 Estrutura e rutina**

### **66 A INCLUSIÓN SOCIAL**

### **68 O COMPORTAMENTO**

### **70 APOIO ESCOLAR**

- 70 Os profesionais especialistas**
- 71 A aula de apoio**
- 72 Programar o apoio**
- 73 O currículo**
- 74 A dinámica dentro da clase**

### **76 A INDEPENDENCIA E HABILIDADES PARA A AUTONOMÍA**

### **77 OS DEBERES**

### **78 RECOÑECIMENTO DOS ESTUDOS**

### **79 O FUTURO**

### **81 BIBLIOGRAFIA**



Dende unha perspectiva inclusiva, a educación recoñécese como un factor esencial para a máis plena realización das persoas con síndrome de Down, así como para o progreso e o desenvolvemento da sociedade.

A educación inclusiva significa a fin das etiquetas “educación especial” e “aulas especiais”, pero non dos apoios necesarios, nin dos servizos que deben proporcionarse nas aulas integradas. Traballar doutro xeito significa educar os mellores e coidar o resto; é dicir, exclusión. Os profesionais da educación e as entidades que traballamos no eido da discapacidade temos que reclamar e loitar por un sistema educativo que proporcione unha educación de calidade e de igualdade para todas e todos.

Non estamos a favor dos esforzos por incluír todas as alumnas e alumnos por que sexa mellor para as nenas e os nenos con síndrome de Down, senón porque é mellor para todos. As diferenzas encerran grandes oportunidades de aprendizaxe. A diversidade reforza a clase e ofrécelles maiores oportunidades de aprendizaxe a todos os seus membros.

**Hai que incluír** todo o alumnado na vida educativa e social das súas escolas e aulas e non só **colocalo** en clases normais.

Nas comunidades inclusivas cada persoa é un membro importante e valioso, cunhas responsabilidades e cunha función que desempeñar para apoiar os outros. Recoñécense, estímúlanse e utilízanse os valores de cadaquén. Para isto, o profesorado débese comprometer e aceptar cada alumno e cada alumna como membro valioso e de pleno dereito da clase. O profesorado debe recorrer aos especialistas, a todas as persoas que o poidan aconsellar e/ou mesmo que poidan traballar na aula, co fin de facela máis flexible e de adaptala ás necesidades propias de cada alumno e alumna.

O obxectivo consiste en crear unha comunidade que acolla as diferenzas e que as utilice entre as alumnas e os alumnos como elementos do currículo e que respecte esas diferenzas en todos os aspectos do programa escolar.

A meta da educación de calidade para todos e todas segue a ser a de formar para a vida individual e colectiva todas as alumnas e alumnos.

Son moitas as razóns polas cales un mozo ou moza con síndrome de Down debe escolarizarse nun centro educativo ordinario. A integración inclusión é en si antidiscriminatoria e trae consigo beneficios académicos e sociais. Hai cada vez máis investigacións sobre as capacidades das mozas e mozos con síndrome de Down e sobre o seu potencial para seren incluídos con éxito nas aulas ordinarias, á vez que aumentou a concienciación dos pais, das nais e a da Administración educativa sobre o valor e os beneficios da inclusión.

## BENEFICIOS ACADÉMICOS

- Demostrouse que o rendemento académico mellora cando as mozas e os mozos están en ambientes inclusivos.

## BENEFICIOS SOCIAIS

- Ofrece oportunidades a diario para que se relacionen con mozas e mozos que teñen un desenvolvemento normal e proporciona modelos de comportamento apropiados á súa idade.
- As mozas e mozos teñen, deste xeito, a oportunidade de establecer relacións con outras mozas e mozos da súa propia comunidade ou contorno social.
- Asistir a un colexio normal é un paso clave cara á inclusión na comunidade e na sociedade mesma.

Unha inclusión escolar positiva resulta clave para que no futuro as persoas con discapacidade psíquica sexan membros participativos da sociedade e para que, á fin, todos saiamos beneficiados. As mozas e mozos cun desenvolvemento normal que participan neste proceso enriquecéanse cos valores da diversidade (maior nivel de comprensión, aceptación e tolerancia ante as diferenzas...).

## UNHA ACTITUDE POSITIVA

O éxito da inclusión non ocorre de maneira automática. A experiencia demóstranos que un dos ingredientes máis importantes para acadar unha exitosa inclusión das mozas e mozos con necesidades especiais é **medrar e querer que saian adiante**. Por esa razón, **a actitude do colexio enteiro** resulta ser un factor transcendental. Unha actitude positiva xa de por si resolve problemas. **Os colexios precisan dunha política clara e sensible en canto á inclusión e dun equipo directivo comprometido con esa política, que estimule, oriente e apoie o profesorado e todos os profesionais implicados no desenvolvemento educativo.**



*A actitude do colexio enteiro resulta ser un factor transcendental. Unha actitude positiva xa de por si resolve problemas.*

- A síndrome de Down é a discapacidade psíquica máis frecuente, dáse ao redor de 1 por cada 1.000 nacementos vivos ao ano.
- Está causado pola presenza dun cromosoma extra. No canto dos 46 cromosomas normais, unha persoa con síndrome de Down ten 47.
- Xeralmente, as mozas e mozos con síndrome de Down terán algún grao de dificultade na aprendizaxe.
- Aínda que a síndrome de Down se debe a factores xenéticos, os factores ambientais xogan un papel importante no desenvolvemento, coma en calquera mozo ou moza.
- As mozas e mozos con síndrome de Down varían tanto no seu desenvolvemento e progreso como as persoas con desenvolvemento típico.
- En xeral, as mozas e mozos con síndrome de Down teñen un desenvolvemento máis lento cás súas compañeiras e compañeiros. Acadan cada nivel de desenvolvemento a unha idade maior e pasan máis tempo en cada nivel. As diferenzas de desenvolvemento entre as mozas e mozos con síndrome de Down e as súas compañeiras e compañeiros aumentan a medida que medran.

*As diferenzas de desenvolvemento entre as mozas e mozos con síndrome de Down e as súas compañeiras e compañeiros aumentan a medida que medran.*



As mozas e mozos con síndrome de Down teñen un perfil de aprendizaxe específico, con puntos fortes e puntos febles característicos e, polo tanto, precisan de algo máis ca dunha simple adaptación de contidos curriculares. O coñecemento das características cognitivas das persoas con síndrome de Down permítelle ao profesorado planificar e implementar actividades e programas relevantes e eficaces (aprendizaxes significativas). Por iso, para cada alumna e alumno hai que considerar o perfil e o estilo de aprendizaxe típico das mozas e mozos con síndrome de Down, xunto coas súas características e necesidades individuais.

No desenvolvemento evolutivo das mozas e mozos con síndrome de Down inflúen diferentes factores característicos, algúns teñen implicacións físicas, outros teñen implicacións cognitivas, pero moitos comprenden estes dous tipos de implicacións.

## FACTORES QUE FACILITAN A APRENDIZAXE

As mozas e mozos con síndrome de Down teñen unha alta capacidade de recoñecemento e aprendizaxe visual, que inclúe:

- A habilidade para aprender e usar sinais, xestos e apoios visuais.
- A capacidade de aprender e usar palabras escritas.
- A capacidade de adoptar o modelo de comportamento e as actitudes de compañeiras e compañeiros e dos adultos.
- A capacidade de aprender cun plan de estudos funcional, baseado en aprendizaxes significativas e actividades interactivas.

## FACTORES QUE DIFICULTAN A APRENDIZAXE

- Habilidades psicomotrices finas e grosas pouco desenvolvidas.
- Discapacidade visual e/ou auditiva.
- Discapacidade lingüística ou da fala.

- Déficit de memoria auditiva a curto prazo.
- Capacidade de concentración e atención reducida.
- Dificultade para consolidar e reter.
- Dificultade para xeneralizar e abstraer.
- Dificultades no procesamento secuencial.

A seguir, darase unha explicación breve de cada un destes factores, xunto con algunhas estratexias para tratalos ou compensalos. Partindo desta información e das características individuais da alumna ou do alumno, é función do equipo docente deseñar un programa de ensino eficaz. Moitas destas estratexias xa foron amplamente recoñecidas como boas prácticas didácticas e útiles para todo o alumnado.

## PERDA VISUAL

Aínda que o alumnado con síndrome de Down tende a aprender ben visualmente e utiliza este punto forte para seguir o currículo, moitos teñen algún tipo de déficit visual. O 60-70% das mozas e mozos con síndrome de Down teñen lentes antes de cumprir os 7 anos e é importante ter en conta calquera discapacidade visual específica que puidesen ter.

É necesario aproveitar ao máximo o potencial visual de cada moza e mozo para que poidan sacar todo o proveito posible da programación educativa. Non se pode permitir que os erros de refracción, o estrabismo ou as cataratas, obstaculicen a aprendizaxe das nenas e nenos con síndrome de Down.

### Estratexias

- Colocalos cara a diante na aula.
- Usar letra grande.
- Usar unha presentación clara e sinxela de materiais.

## PERDA AUDITIVA

Con frecuencia, as mozas e mozos con síndrome de Down experimentan algún grao de diminución auditiva, sobre todo nos primeiros anos. Ata un 20% poden ter unha perda de audición de carácter neurosensorial, causada por un desenvolvemento defectuoso do oído e dos nervios auditivos. Máis do 50% corren o risco dunha perda condutiva de audición debido á otite media causada polas frecuentes infeccións das vías respiratorias superiores, como resultado de ter os senos respiratorios e as canles auditivas máis pequenas. É especialmente importante revisar a audición, xa que unha boa saúde auditiva mellorará as súas capacidades lingüísticas e da fala.

A claridade auditiva pode variar a diario e é importante saber se as inconstancias á hora de responder se deben a unha capacidade auditiva diminuída, a unha falta de comprensión ou a unha actitude negativa.

O profesorado debe estar atento a estas perdas auditivas, tanto polas consecuencias negativas inmediatas (perda de atención na aula, dificultades de comunicación e comprensión, alteracións da voz...) coma polas repercusións a longo prazo na adquisición da fala e na linguaxe.

### Estratexias

- Colocalos cara a diante na aula.
- Falarlles directamente.
- Reforzar as palabras con xestos faciais, sinais ou outros acenos.
- Reforzar o que se vaia dicir con apoios visuais; por exemplo, escribindo con debuxos ou utilizando obxectos concretos.
- Escribir as palabras novas no taboleiro.
- Repetir en alto as respostas dadas polas outras alumnas ou alumnos.
- Resumir ou repetir palabras ou frases que oíron ou entenderon mal.

## CAPACIDADES PSICOMOTRICES FINAS E GROSAS

Moitas mozas e mozos teñen un ton muscular reducido e articulacións laxas (hipotonía), o que inflúe na súa coordinación. Pódelle resultar difícil participar en deportes de equipo; isto soluciónase establecendo xogos e deportes en grupos pequenos ou en parellas con obxectivos específicos. Na clase, o ton muscular afecta sobre todo a capacidade e rapidez no desenvolvemento da escrita.

## DIFICULTADES DA LINGUAXE E DA FALA

É frecuente que as mozas e mozos con síndrome de Down teñan discapacidades lingüísticas ou da fala e que deban ser atendidas e atendidos con regularidade por un ou unha especialista en logopedia que poida recomendar actividades individualizadas que faciliten o seu desenvolvemento lingüístico ou da fala.

Estas dificultades da linguaxe débense a unha combinación de factores, uns físicos e outros de carácter perceptivo ou cognitivo. Se unha moza ou mozo aprende a entender e a usar a linguaxe máis tarde, o seu desenvolvemento cognitivo verase afectado e, como consecuencia, a súa facilidade para seguir o currículo académico. As facultades receptoras son maiores cás facultades expresivas; é dicir, as mozas e mozos con síndrome de Down entenden a linguaxe máis do que expresan e, como resultado, adóitanse subestimar as súas habilidades cognitivas.

### Dificultades lingüísticas máis comúns:

- Un vocabulario reducido, que leva a menos coñecementos xerais.
- Dificultade para aprender regras gramaticais (omiten as preposicións, as palabras de enlace e marcadores de modo, tempo, xénero, etc.), o que orixina unha forma de falar telegráfica.
- Máis capacidade para aprender vocabulario novo ca regras gramaticais.
- Máis dificultade para aprender e traballar a linguaxe.
- Máis dificultade para aprender a linguaxe específica do currículo.

- Dificultade para comprender termos abstractos.
- Dificultade para entender instrucións complexas.

Ademais, ao ter unha cavidade bucal máis pequena e o ton muscular máis débil na boca e na lingua, fisicamente resulta máis difícil articular palabras.

A miúdo, estas dificultades lingüísticas e da fala significan que estas mozas e mozos teñen menos oportunidades de establecer conversacións e de usar a linguaxe. Resúltalles máis difícil pedir información ou axuda. Os adultos tenden a facer preguntas pechadas ou a acabar as frases por eles, negándolles o tempo preciso e o apoio para chegar a facelo por si mesmos.

Como resultado:

- Os mozos e mozas teñen menos experiencia coa linguaxe, o que obstaculiza a aprendizaxe de vocabulario novo e de novas estruturas e frases.
- Os mozos e mozas teñen menos práctica para poder mellorar a súa claridade da fala.

### **Estratexias**

- Darlles tempo para procesar as palabras e responder.
- escoitalos e escoitalas con atención.
- Asegurar o contacto visual directo, cara a cara.
- Usar unha linguaxe clara e concisa.
- Asegurarse de que entenden e facerlles que repitan as instrucións.
- Evitar un vocabulario ambiguo.
- Reforzar a comunicación oral con acenos e sinais.
- Ensinarlles a ler e a usar a palabra escrita para axudarlles coa linguaxe e coa fala.
- Escribir as instrucións orais para reforzalas ou usar debuxos, diagramas, símbolos ou materiais específicos.

- Reforzar visualmente as palabras clave.
- Usar materiais no ensino da gramática (tarxetas, xogos, símbolos, debuxos, imaxes de preposicións, etc.).
- Evitar preguntas pechadas (si/non), animar os alumnos e as alumnas a responder sen utilizar simplemente monosílabos.
- Usar apoios visuais para animar o alumno e a alumna a falar na clase. Pódelles resultar máis doado ler información á clase que falar espontaneamente.
- Desenvolver a linguaxe a través de distintas dinámicas (xogos de rol, interpretación, dinámicas de grupo...).
- Animar o alumno e a alumna a liderar o grupo.
- Fomentar situacións nas que poidan dialogar, recoller mensaxes, facer recados, etc.
- Ter moitas actividades ou xogos curtos que fortalezan as capacidades auditivas, reforzando o seu traballo oral con material visual e táctil.

### **MENOR MEMORIA AUDITIVA A CURTO PRAZO E PROCESAMENTO AUDITIVO MÁIS LENTO**

Tamén existen outros problemas lingüísticos e da fala nas mozas e mozos con síndrome de Down, motivados polas dificultades na memoria auditiva a curto prazo e no procesamento auditivo. A memoria auditiva a curto prazo é a que se usa para reter, procesar, entender e asimilar a linguaxe oral ao longo dun tempo determinado. Calquera déficit na memoria auditiva a curto prazo afectará considerablemente a habilidade do alumna-do para responder á linguaxe oral ou ao uso exclusivo de habilidades auditivas para aprender. Tamén terá maiores dificultades para lembrar e seguir instrucións orais.

#### **Estratexias**

- Limitar a cantidade de instrucións orais.
- Darlles tempo para procesar e responder á comunicación oral.

- Repetirille ao alumno e á alumna de maneira individual as instrucións ou a información dada á clase enteira.
- Tratar de evitar exposicións didácticas exclusivamente orais. Reforzar as exposicións orais a través de material didáctico visual.
- Preparar material visual suficiente para acompañar a exposición de cada tema.

**LEMBRE: o alumnado con síndrome de Down aprende moi ben de maneira visual, pero a súa capacidade de aprendizaxe auditiva é débil. Sempre que sexa posible, débeselles proporcionar apoio visual e aquel material concreto e práctico que se demostre válido para reforzar a aprendizaxe auditiva, xa que isto repercutirá directamente na mellora do desenvolvemento verbal e lector.**

## **A HABILIDADE PARA ESCRIBIR**

Calquera traballo escrito é unha tarefa moi complicada. En mozas e mozos con síndrome de Down, as dificultades da memoria auditiva a curto prazo, da linguaxe e da fala, da motricidade fina e de organizar e secuenciar información, afectan considerablemente o desenvolvemento das súas habilidades de escritura.

Tarefas de especial dificultade:

- Tomar nota, ditados.
- Secuenciar as palabras para formar unha frase.
- Secuenciar correctamente os sucesos ou a información.
- Organizar pensamentos e información pertinente de forma escrita.
- Traballos escritos moi longos.

## Estratexias

- Buscar recursos que asistan o proceso físico de escribir (lapis ou bolígrafos máis doados de manexar, liñas máis grandes, cadrados para indicar o tamaño da letra, papel cuadriculado, ordenadores...).
- Empregar apoios visuais (tarxetas, palabras clave, debuxos e secuencias).
- Empregar outros métodos:
  - Un ordenador con software especializado.
- Algunhas suxestións:
  - Cotexar os seus apuntamentos cos doutra compañeira ou compañeiro.
  - Frases para completar.
  - Tarxetas para secuenciar frases.
  - Tarxetas con debuxos secuenciais.
- Que se limiten as tarefas escritas a temas que se baseen na súa experiencia e que fomenten a súa comprensión.
- Ditar con pautas adecuadas, con repetición e con vocabulario axustado, segundo o nivel da alumna ou do alumno.
- Outras stratexias para ter en conta:
  - Ensinar palabras axustadas ao seu nivel de comprensión (útiles).
  - Ensinar vocabulario escrito para desenvolver a súa fala e a súa linguaxe.
  - Ensinar vocabulario sobre temas específicos: alimentación, vestido...
  - Ensinar vocabulario da maneira máis visual posible.
  - Reforzar o significado de palabras abstractas con debuxos e símbolos.

- Utilizar xogos ou programas informáticos para favorecer a ortografía e a escritura.
- Ensinar familias de palabras.

## UNHA CAPACIDADE DE CONCENTRACIÓN REDUCIDA

En xeral, as mozas e mozos con síndrome de Down só poden concentrarse en algo durante un tempo bastante curto e distráense con facilidade. Ademais, a aprendizaxe con apoio resulta máis intensa; é dicir, require máis concentración que cando se presta a nivel individual, polo que a moza ou o mozo cansará antes ca se se establece o apoio a través do grupo.

### Estratexias

- Incorporar á lección unha serie de tarefas curtas, claras e ben definidas.
- Variar o nivel de esixencia dunha tarefa a outra. Débese iniciar cunha tarefa de baixa dificultade, co fin de non desmotivar o alumnado.
- Variar o tipo de apoio.
- Involucrar outros alumnos e alumnas, para que lle poidan axudar ao alumnado con síndrome de Down a centrarse na tarefa, ata rematala.
- Considerar a validez dunha sesión dobre. A segunda parte pode servir mellor para reforzar e consolidar a lección.

## XENERALIZAR, PENSAR E RAZOAR

Se unha persoa ten algunha discapacidade lingüística ou da fala, é inevitable que iso inflúa na súa habilidade para pensar e razoar. As persoas con síndrome de Down adoitan ter máis dificultades en transferir habilidades dunha situación a outra; é dicir, en xeneralizar. Resúltalles difícil entender conceptos abstractos, o cal pode influír na súa habilidade para resolver problemas.

### Estratexias

- Non dar por feito que o mozo ou a moza poderán transferir coñecementos automaticamente.
- Usar unha variedade de métodos, materiais e contextos para ensinar novas técnicas ou habilidades.
- Reforzar a aprendizaxe de conceptos abstractos con material concreto e/ou visual.
- Ofrecer explicacións ou demostracións adicionais.
- Animalo ou animala a practicar a resolución de problemas.
- Expoñer o alumnado a diferentes situacións que impliquen a posta en práctica dos coñecementos adquiridos.

### CONSOLIDACIÓN E RETENCIÓN

O alumnado con síndrome de Down xeralmente tarda máis en aprender e en consolidar novas habilidades, e a capacidade para aprender e reter pode variar dun día a outro.

### Estratexias

- Dar máis tempo e oportunidades para repetir e reforzar.
- Presentar novas habilidades e conceptos de maneiras diversas, empregando material concreto, práctico e visual cando sexa posible.
- Repasar os conceptos básicos periodicamente.
- Ao avanzar na lección, é necesario asegurar que o aprendido no se perda ao assimilar a nova información.
- Considerar sesións adicionais no horario para reforzar capacidades básicas.

## ESTRUTURA E RUTINA

Habitualmente, o alumnado con síndrome de Down séntese seguro e cómodo cando se lle presentan situacións ben estruturadas, que forman parte da súa rutina diaria, e actividades ben propostas. Resúltanlle máis difíciles as situacións desorganizadas ou pouco estruturadas e os cambios pódeno desconcertar. Polo xeral, necesita máis tempo de adaptación e pode tardar máis en asimilar os cambios.

### Estratexias

- Ensinarlles explicitamente os horarios, as rutinas e as normas escolares, dándolles tempo e oportunidades para asimilalos.
- O horario debe ensinarse de forma visual, con palabras, debuxos, fotos, símbolos...
- Asegurarse de que o alumnado saiba cal é a próxima actividade.
- Respectar ao máximo o programa diario.
- Informar e preparar o alumnado ante os cambios que se produzan e manter informada a familia.

A inclusión escolar e social é o obxectivo principal para acadar con calquera mozo ou moza cando entra nun instituto. A diversidade e a pluralidade enriquece e favorece o desenvolvemento de todos os alumnos e alumnas. Normalmente, as mozas e mozos con síndrome de Down teñen moitas ganas de facer o mesmo cós seus compañeiros, “úsanos” como referentes para un comportamento socialmente apropiado e como motivación para aprender. Esta experiencia social é moi importante para os mozos e mozas con síndrome de Down, pois están seguindo referentes axustados á súa idade. Ademais, as amizades e experiencias sociais dos anos de instituto son moi importantes para poder formar futuras relacións e para axudar os mozos e as mozas a adaptárense a situacións sociais distintas. Moitos precisan axuda e máis tempo para aprender as normas de comportamento social apropiado. Non aprenden ben de maneira indirecta e non asimilan as convencións sociais por intuición, poden tardar máis cós seus iguais en “aprender as normas”. Polo seu nivel de linguaxe, pódelles custar formar e manter amizades. As relacións sociais coas súas compañeiras e compañeiros poden ser máis difíciles cando os mozos e mozas con síndrome de Down se decatan das diferenzas nos seus niveis de desenvolvemento. Así que, a alumna ou alumno con síndrome de Down pode necesitar axuda extra para:

- Traballar de maneira independente.
- Establecer esquemas de comportamento axeitado.
- Traballar de modo cooperativo.
- Participar e responder de maneira apropiada.
- Desenvolver amizades.

## Estratexias

Dende o centro educativo, traballarase co fin de que as mozas e mozos alcancen os seguintes obxectivos:

- Entender as rutinas principais do día.
- Aprender a participar e a responder de forma apropiada.
- Responder a peticións e instrucións verbais.
- Aprender a compartir, dar e recibir.
- Respectar quendas.
- Aprender a poñerse en fila.
- Aprender a sentarse en grupo e en actos da escola.
- Aprender os protocolos e comportamentos axeitados.
- Aprender as normas formais e informais da clase e do colexio.
- Traballar só ou soa ou colaborando con outros.
- Fomentar e facer amizades.
- Desenvolver habilidades prácticas e de autoaxuda.
- Aprender a coidar doutros.
- Favorecer e fomentar a súa autonomía social e persoal.

As mozas e mozos con síndrome de Down non teñen problemas de comportamento específicos. Non obstante, boa parte do seu comportamento estará en función do seu nivel de desenvolvemento. **Os problemas, cando ocorren, adoitan ser os que se ven en mozas e mozos máis novos, cun nivel de desenvolvemento típico.**

Ademais, os alumnos e alumnas con síndrome de Down teñen que afrontar maiores dificultades cá maioría das súas compañeiras e compañeiros. Para eles é máis difícil realizar moitas das actividades da vida cotiá, debido a problemas lingüísticos e da fala, da memoria auditiva a curto prazo, da psicomotricidade, da concentración e da aprendizaxe. Por iso, o limiar de frustración que dá paso a comportamentos problemáticos, pode ser máis baixo ca en mozas e mozos cun nivel de desenvolvemento típico. Adoitan frustrarse ou poñerse nerviosos con maior facilidade. O feito de ter síndrome de Down non indica que o alumno ou alumna automaticamente vaia ter problemas de comportamento, pero será máis propenso a desenvolver estes problemas polas dificultades coas que se enfronta.

Un aspecto en particular do comportamento problemático son as estratexias de evitación. A investigación demostrou que, ao igual ca moitos mozos e mozas con necesidades especiais, os alumnos e alumnas con síndrome de Down tenden a adoptar tales estratexias, as cales interfíren no seu progreso. Algúns tenden a usar determinados comportamentos sociais para distraer os adultos e así evitar a aprendizaxe e só parecen estar dispostos a traballar en tarefas que caian dentro de campos cognitivos máis ben estreitos. No instituto, as maiores esixencias a nivel cognitivo poden ser a causa de comportamentos non apropiados. Para responder ben, é esencial recoñecer a orixe.

É importante estar atentos á posibilidade de que aparezan condutas de evitación e distinguir os comportamentos inmaduros dos comportamentos intencionadamente negativos. Hai que ter en conta a súa idade de desenvolvemento (non a cronolóxica), xunto co seu nivel de entendemento oral. Calquera premio que se dea tamén debe responder a estes criterios.

### Estratexias

— Asegurarse de que as regras estean claras.

- Asegurarse de que o persoal entenda que se debe manter o mesmo criterio de disciplina para a alumna ou alumno con síndrome de Down, como para os seus compañeiros e compañeras, e que todo o persoal coñeza a estratexia que se está a empregar.
- Asegurar que o profesorado se manteña sempre firme e constante.
- Acordar quen actuará como primeiro punto de contacto, en caso de necesidade.
- Asegurar que o alumnado, compañeras e compañeiros e profesorado coñezan a persoa de contacto e o procedemento para seguir.
- Usar explicacións curtas e claras, cunha linguaxe corpórea e clara, para reforzalas. As explicacións longas e complexas non son as apropiadas.
- Distinguir entre “non podo” e “non quero”.
- Buscar os porqués do comportamento inapropiado: ¿é demasiado difícil ou sinxela a tarefa? ¿é demasiado longa? ¿é unha tarefa o suficientemente adaptada?
- ¿Entende o alumno ou alumna o que se espera del ou dela?
- Reforzar inmediatamente o comportamento desexado con premios orais, visuais ou tanxibles.
- Dentro de límites razoables, é mellor non facer caso de comportamentos que teñan a intención de distraer ou buscar a atención dos demais.
- Desenvolver unha gama de estratexias para previr que se produzan comportamentos de evasión/evitación (desculpas empregadas pola alumna ou alumno para non levar a cabo a tarefa). Dependendo da moza ou do mozos, unhas veces funcionará mellor ca outras.
- Asegurar que non sexa unicamente a profesora ou profesor de apoio quen se ocupe do comportamento da moza ou do mozo. A profesora ou o profesor da aula teñen a responsabilidade final.
- Asegurar que a moza ou o mozo estean traballando con compañeiros e compañeras que lles sirvan de exemplo.

A adecuada atención nos centros educativos ás alumnas e alumnos con síndrome de Down e outras deficiencias depende dunha actitude favorable do equipo docente e do conxunto de apoios (os recursos e as estratexias destinadas a desenvolver o proceso educativo) que se lles deben prestar a estes. Estes apoios deben estar perfectamente definidos para garantir a calidade educativa e as maiores cotas de inclusión escolar de todo o alumnado.

Os apoios que se deben prestar, segundo as características do alumnado destinatario, abranguen dende as adecuadas adaptacións de tipo didáctico e organizativo, á utilización de metodoloxía educativa baseada nun enfoque personalizado, o tipo de apoio que deben prestar os profesionais especialistas, a coordinación do equipo...

## OS PROFESIONAIS ESPECIALISTAS

O profesor ou a profesora non debe deixar toda a responsabilidade da moza ou mozo con síndrome de Down nas mans da profesora ou profesor de apoio. O proceso de ensino será compartido e dirixido polo profesorado de apoio e de área. É importante que se perciba a profesora ou profesor de apoio como parte íntegra de toda a clase, asistindo a todo o alumnado que requira calquera tipo de axuda e non soamente o mozo ou moza con síndrome de Down. Así, as outras compañeiras e compañeiros poderanse beneficiar do apoio adicional.

O tipo de apoio que o alumnado recibe pode ter un impacto tremendo sobre a eficacia da inclusión e é importante que se planifique o papel do profesorado de apoio de antemán para presentalo a todas as persoas implicadas. Ademais, é imprescindible que o alumnado reciba interacción persoal da profesora ou profesor de área.

### Estratexias

#### En canto ao alumnado

- Facilitar o acceso ao currículo.
- Fomentar a aprendizaxe e aumentar a participación da alumna ou alumno con síndrome de Down na dinámica habitual da aula.

- Asegurar que a moza ou mozo avance cara a novas habilidades.
- Axudar no desenvolvemento da independencia (autonomía).
- Axudar no desenvolvemento de habilidades sociais, amizades e comportamentos axeitados en función da idade.

### **En canto ao profesorado**

- Colaborar na adaptación do currículo e das actividades programadas, buscando en todo momento a participación do alumnado con síndrome de Down na dinámica da aula.
- Proporcionarlle información sobre o progreso da alumna ou alumno a todo o equipo docente implicado na tarefa educativa.
- Intercambiar funcións co profesor ou coa profesora da aula, para darlle a este ou a esta oportunidades de traballar coa alumna ou alumno con síndrome de Down de maneira individual (dentro da aula) ou en grupo e para que o alumnado perciba a profesora ou o profesor de apoio coma un docente máis e non unicamente como a profesora ou profesor das mozas e mozos con necesidades educativas especiais.
- Participar e fomentar as reunións de coordinación, co fin de analizar e valorar os obxectivos que se pretenden alcanzar coa alumna ou co alumno e os medios e recursos para conseguilos.

## **A AULA DE APOIO**

O apoio non debe consistir unicamente en que a profesora ou profesor de apoio estea traballando individualmente coa moza ou co mozo, sobre todo se isto significa que este ou esta está fóra da súa clase, o cal debe evitarse sempre que sexa posible. Aínda que, sen dúbida, precisará dun tempo individualizado, este débese limitar a aquelas ocasións que sexan absolutamente necesarias e debe ter lugar dentro da clase na medida do posible.

Hai que ter en conta que demasiado tempo na aula de apoio pode producir na moza ou no mozo que:

- Non se beneficie do estímulo e do exemplo das súas compañeiras e compañeiros.
- Non aprenda a colaborar nin a traballar en grupo-clase.
- Non sexa capaz de prestar atención cando traballa no grupo-clase.
- Non aprenda a traballar só, nin a ser autónomo na realización de tarefas.
- Non faga amizade cos seus compañeiros e compañeiras, nin habilidades sociais adecuadas.
- Desenvolva un baixo nivel de autoestima e sentimentos de inferioridade.

## PROGRAMAR O APOIO

Para elaborar o programa de apoio deberá estar previamente ben definida a programación da aula.

Os orientadores e orientadoras, as profesoras e profesores de área, o profesorado especialista e o persoal de apoio deben reunirse con regularidade para seguir, comunicar e planificar o progreso da alumna ou alumno de forma coherente. Un “caderno de comunicacións” para anotar as leccións, ideas ou información pertinente para todas as persoas implicadas pode ser de grande utilidade.

Na programación dos apoios, é imprescindible definir con base na programación da aula:

- A quen vai dirixida esta programación.
- Que modalidade de apoio precisa.
- En que áreas.
- Canto tempo vai recibir o apoio.
- Quen vai adaptar os temas.
- Que metodoloxía é a máis adecuada.
- Quen vai deseñar e preparar o material de apoio.

Tendo en conta as características das alumnas e alumnos con síndrome de Down e tendo presente esta etapa educativa, sería interesante deseñar programas de apoio para facilitar o tránsito á vida adulta. Estes apoios deben estar enfocados cara á adquisición de maiores graos de autonomía persoal e social e cara ao fomento das relacións interpersoais que favorezan a inclusión.

Sería interesante organizar clases adicionais en habilidades básicas: crear grupos para traballar habilidades sociais e ofrecer oportunidades para levar a cabo nos recreos e nas horas libres actividades destinadas a fomentar as relacións interpersoais do alumnado (exemplo: xogos de mesa, xogos cooperativos, campionatos, etc.).

Xeralmente, o alumnado con necesidades educativas especiais necesita sesións adicionais para afianzar os contidos traballados na aula e para realizar os deberes escolares das distintas materias. Por iso, sería interesante ofrecerlles a oportunidade de recibir sesións de reforzo.

Para levar a cabo estes apoios, o ideal sería contar cun espazo. Esta sala estaría dotada dos recursos necesarios para desenvolver as actividades organizadas e á disposición de todo o profesorado e alumnado interesado.

## O CURRÍCULO

A diferenza no nivel de desenvolvemento entre o alumnado con síndrome de Down e as súas compañeiras e compañeiros acentúase cos anos. O alumnado con síndrome de Down no primeiro curso de secundaria pode estar traballando a distintos niveis académicos. O seu nivel de habilidade en lectura e lingüística tende a estar máis avanzado có nivel en matemáticas.

Cos anos, a planificación e a adaptación do currículo presenta cada vez máis retos e complicacións. Para elaborar esta adaptación resulta imprescindible analizar as necesidades de apoio de cada alumna ou alumno. É necesario atopar o equilibrio entre o contido dunha materia e as necesidades persoais do alumnado e priorizar tanto a calidade da experiencia como a funcionalidade da aprendizaxe. Partes do currículo serán máis accesibles e fáciles de cumprir ca outras. O importante é que exista flexibilidade na estratexia e no contido.

Aínda que o mozo ou a moza estea traballando nun nivel moi distinto dos demais, isto non implica que o tema ou material que traballe sexa distinto do que estean seguindo as súas compañeiras ou compañeiros. Con planificación e coordinación entre o profesorado de área e o profesorado de apoio, poderase acadar unha adaptación adecuada da materia.

Nesta etapa, a adaptación curricular pode necesitar unha ampla gama de materiais e programas adaptados ao nivel e á idade cronolóxica da alumna ou do alumno. Unha boa adaptación do currículo, establecer grupos cooperativos de traballo, o apoio das compañeiras ou compañeiros e do profesorado, o uso adicional de recursos visuais, etc. pódennlle axudar ao alumnado a adquirir coñecementos, comprensión e habilidade na maioría dos temas do currículo.

## A DINÁMICA DENTRO DA CLASE

Certos métodos comúns nos institutos, como o ensino á clase enteira, a aprendizaxe auditiva, o someterse á “tiranía” do libro de texto e o traballo con fichas ou actividades non adaptadas de ensino, supoñen dificultades para moitas alumnas e alumnos con síndrome de Down ou outras necesidades educativas especiais. Por iso, as profesoras e profesores deberán avaliar os seus métodos e o clima xerado na clase, considerando as actividades, o material e as agrupacións das nenas e nenos. No proceso ensino-aprendizaxe, o profesorado debe ter simplemente en conta as habilidades e capacidades da moza ou do mozo para aprender e ha buscar a metodoloxía e as estratexias adecuadas ao estilo de aprendizaxe para que se rendibilice este proceso. Un exemplo disto é a importancia de aproveitar a motivación e a oportunidade de aprender dos bos modelos que se dan cando se agrupan as mozas e mozos con síndrome de Down con compañeiras e compañeiros de desenvolvemento típico ou o uso de elementos visuais para reforzar a exposición dun tema. Non obstante, no instituto moitos grupos establécense segundo a capacidade académica. Hai tendencia a retirar as alumnas e os alumnos con necesidades educativas especiais a traballar en grupos á parte. Isto pode ser apropiado ás veces, pero se ocorre demasiado a miúdo nega a oportunidade para aprender doutros cunha máis ampla gama de capacidades e situacións. Ademais, o alumnado con síndrome de Down

imita, para ben, o comportamento do grupo ou, ás veces, para mal. Nun grupo de habilidade mixta cunha boa adaptación do material, a alumna ou alumno con síndrome de Down beneficiarase do bo exemplo de motivación e comportamento.



*Nun grupo de habilidade mixta cunha boa adaptación do material, a alumna ou alumno con síndrome de Down beneficiarase do bo exemplo de motivación e comportamento.*

Fomentar a independencia e as habilidades para a vida adulta é igual de importante para todo o alumnado do instituto, pero quizais este tema adquira maior relevancia para as alumnas ou alumnos coa síndrome de Down, pois estes non adoitan lograr un bo grao de autonomía de maneira automática, senón que precisan algo de axuda. Estas sesións pódense dar con máis alumnas ou alumnos, pero non de modo illado.

*Fomentar a independencia e as habilidades para a vida adulta é igual de importante para todo o alumnado do instituto.*



Os deberes encomendados deben estar axustados á adaptación curricular deseñada para esta alumna ou alumno e aos contidos especificados na unidade didáctica.

Á hora de indicar a tarefa para a casa, o profesorado debe asegurarse de que a alumna ou alumno saiba cales son os exercicios que ten que presentar, cando ten que entregalos, como debe facelos e hase de asegurar de que comprende os enunciados.

### **Estratexias**


- Diferenciar, adaptar os deberes para a alumna ou alumno con síndrome de Down.
- Dar explicacións curtas e concisas, conectando coa explicación na clase.
- Constatar por escrito a data de entrega.
- Engadir palabras, símbolos, ou debuxos “clave” que sirvan de recordo visual forte.
- Incluír información necesaria: que caderno usar, fontes relevantes, etc.
- Establecer fórmulas de coordinación entre o profesorado das distintas áreas para controlar o volume dos deberes encomendados.

Ao rematar a etapa, a alumna ou alumno con síndrome de Down alcanzará un nivel de estudos variable segundo a súa capacidade e algúns acadarán o bacharelato. Cando isto non sexa posible, débeselles ofrecer a ela ou a el e á súa familia orientación para buscar outras alternativas de formación en réxime regrado ordinario.

*Débeselles ofrecer a ela ou a el e á súa familia orientación para buscar outras alternativas de formación en réxime regrado ordinario.*



Cada ano vemos máis exemplos de mozas e mozos con síndrome de Down que traballan e viven de maneira independente, que acadan cada vez máis cualificacións e experiencias, que aprenden a conducir e que teñen éxito nunha gran variedade de traballos. Crear oportunidades apropiadas para que poidan entender o mundo, aprender e progresar no seu pleno potencial, é o primeiro paso para unha inclusión verdadeira na comunidade e para ocupar o seu lugar como membros que contribúan plenamente na sociedade.



*Cada ano, vemos máis exemplos de mozas e mozos con síndrome de Down que traballan e viven de maneira independente.*



ALTON, SANDY: “Including pupils with down’s syndrome-primary”. *Journal news and views from the Down’s syndrome association*, nº 11. Down’s síndrome Association (DSA).

STAINBACK, SUSAN E WILLIAM: *Aulas inclusivas*. Narcea, SA de Ediciones.

Dende DOWN GALICIA queremos deixar constancia do noso agradecemento á DOWN SYNDROME ASSOCIATION (UK) por permitirnos traducir e adaptar o seu artigo “Including Pupils With Down’S Syndrome – Information For Teachers And Learning Support Assistants-Primary”.





**DOWN GALICIA.  
FEDERACIÓN GALEGA DE INSTITUCIÓN  
PARA A SÍNDROME DE DOWN**

Dublín 6, baixo  
15707 Santiago de Compostela  
Tel. 981 581 167  
Fax 981 563 434  
[downgalicia@telefonica.net](mailto:downgalicia@telefonica.net)



**TEIMA.  
ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN DE FERROL**

Armada Española 32  
15406 Ferrol  
Tel./fax 981 322 230  
[teimadownferrol@terra.es](mailto:teimadownferrol@terra.es)  
[www.down-teima.iespana.es/down-teima](http://www.down-teima.iespana.es/down-teima)



**ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN DE PONTEVEDRA**

Manolo Martínez 1, 1º D  
36210 Vigo  
Tel. 986 201 656  
Fax 986 214 954  
[downvigo@teleline.es](mailto:downvigo@teleline.es)



**XUNTOS.  
ASOCIACIÓN PONTEVEDRESA PARA A SÍNDROME DE DOWN**

Cobián Roffignac 9, 2º  
36002 Pontevedra  
Tel./fax 986 865 538  
[xuntos@iponet.es](mailto:xuntos@iponet.es)  
[www.iponet.es/xuntos](http://www.iponet.es/xuntos)



**DOWN COMPOSTELA.  
ASOCIACIÓN PARA A SÍNDROME DE DOWN DE COMPOSTELA**

Dublín 6, baixo  
15707 Santiago de Compostela  
Tel./fax 981 563 434  
[assidoco@terra.es](mailto:assidoco@terra.es)  
[www.downcompostela.org](http://www.downcompostela.org)



### **ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN DE LUGO**

Centro sociocultural de Fingoi  
Aviación Española 22-24  
27002 Lugo  
Tel./fax 982 240 921  
downlugo@lugonet.com  
[www.lugonet.com/downlugo](http://www.lugonet.com/downlugo)



### **DOWN CORUÑA.**

#### **ASOCIACIÓN PARA A SÍNDROME DE DOWN DE CORUÑA**

Centro comercial do Ventorrillo, planta 1ª, local 3  
15010 A Coruña  
Tel. 981 263 388  
down-coruna@terra.es  
[www.down-coruna.com](http://www.down-coruna.com)



### **DOWN OURENSE**

Faustino Santalices 6, baixo  
32002 Ourense  
Tel. 988 231 032  
Fax 988 221 281  
[www.downourense@yahoo.es](mailto:www.downourense@yahoo.es)